

BASES SORTEO: PEPE, PEPA E PAPÁ - ARZÚA CCA 2026

OBXECTO

Con motivo do Día do pai, que se celebrará o vindeiro 19 de marzo, e co fin de promocionar ao sector comercial asociado a AECA, así como fomentar a fidelización da clientela do CCA e atraer a novos clientes para incentivar as vendas dos establecementos asociados participantes, a Asociación de Empresarios da Comarca de Arzúa organiza un sorteo promocional con 200 euros en premios, repartidos en 2 vales, dentro de esta campaña.

DESTINATARIOS

Poderá participar na promoción calquera persoa física, maior de idade, ao realizar unha compra superior a 15€ en calquera establecemento comercial asociado a AECA participante dentro do período de vixencia da campaña.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN

A campaña desenrolarase entre o 2 de marzo e o 19 de marzo de 2026 nas tendas físicas asociadas.

MECÁNICA DA CAMPAÑA PARA OS ESTABLECEMIENTOS ADHERIDOS

Os comerciantes participantes na campaña entregarán aos seus consumidores unha copia do ticket por cada merca superior a 15€ para participar no sorteo, anotando no seu reverso o nome e teléfono do cliente, para despois introduci-lo na urna de AECA habilitada en cada local comercial.

Non poderán resultar premiados os asociados nin os seus familiares directos (hasta segundo grado e parexas de feito) así como tampouco os seus empregados, coas mercas efectuadas nos seus propios establecementos.

PREMIOS

Sortearanse os seguintes vales:

- 1 VALE de 100€ a canxear en calquera establecemento hostaleiro asociado.
- 1 VALE de 100€ a canxear en calquera establecemento comercial asociado.

DATA E DESENROLO DO SORTEO

O sorteo será celebrado en directo dende a emisora de Radio Arzúa o lúns 23 de marzo de 2026, entre tódalas mercas rexistradas nas urnas dos comerciantes asociados durante a promoción e que cumpran coas presentes bases.

Se sae premiado un ticket coa data fóra do prazo establecido, ou ben cun importe inferior a 15€, ou cos datos de contacto non lexibles, quedará invalidado no mesmo momento do sorteo e sacarase outro ticket..

Unha mesma persoa poderá rexistrar para este sorteo tantas mercas como desexe durante a campaña.

PUBLICACIÓN DOS GAÑADORES, PRAZO DO CANXEO DOS VALES E CADUCIDADE DOS PREMIOS.

Cada cliente gañador será avisado telefónicamente de que resultou premiado o mesmo día do sorteo, e será informado de que ten de prazo 1 mes para canxear o vale; caducando este o 23 de abril de 2026.

Para o disfrute do premio AECA establece que cada premio de 100€ sexa destinado ao consumo en calquera establecemento comercial do CCA Arzúa.

Cada gañador/a, para reclamar o premio, deberá previamente anticipar o gasto do vale, presentando na sede da AECA, sita no Polígono Industrial de Arzúa, parcela 1, 1º. 15810 Arzúa (no edificio da Estación de Servicio Teiraboa S. L.), tickets de merca de locais comerciais pertencentes a AECA, con data posterior ao Sorteo PEPE, PEPA E PAPÁ - CCA Arzúa 2026, e por importe igual ou superior ao valor do premio, para poder recibir o abono do mesmo.

ENTREGA DE PREMIOS

Unha vez presentado o xustificante de gasto polo valor do premio, o gañador poderá cobrar o seu vale na sede da AECA, e será publicada a imaxe do momento da entrega nas redes sociais e/ou web da Asociación.

A aceptación do premio polo gañador implica a autorización por parte de AECA para facer uso do nome e imaxe con fins publicitarios da campaña. En todo caso, o gañador/a poderá revocar en calquera momento dita autorización enviando un documento por escrito, acompañándoo dunha fotocopia do seu DNI a AECA.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no sorteo de esta campaña implica a aceptación sen reservas de estas bases.

FORZA MAIOR

No caso de que a promoción non se pudiera realizar adecuadamente, ben por fraudes detectados na mesma, erros de algún tipo o calquera outra incidencia que non esté baixo o control de AECA ou contemplada nestas bases, e que afecte ao normal desenvolvemento da promoción, a Asociación resérvase o dereito a cancelar, modificar ou suspender a mesma, en cuxo caso a súa decisión será inapelable.

TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Será necesaria a recollida de datos persoais para levar a cabo o sorteo, e a operativa da entrega dos premios, respetando a normativa aplicable en materia de Protección de Datos de carácter persoal. Os titulares dos datos proporcionados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición remitindo un escrito acompañado dunha fotografía do seu DNI, dirixido ao CCA de Arzúa (AECA), con enderezo no Polígono Industrial de Arzúa, parcela 1, 1º. 15810 Arzúa (A Coruña), coa referencia "Protección de Datos" Sorteo PEPE, PEPA E PAPÁ - CCA ARZÚA 2024, ou ben enviándoo a través do email: info@aecomarcadearzua.com

A.E.C.A.

En Arzúa, a 28 de febreiro de 2026.

